



ÁLVARO VILA ARAÚJO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ao previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, aos artigos 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación, presenta unha **MOCIÓN PARA GARANTIR O MANTEMENTO E REFORZO DO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA DO LIXO PRESTADO POLA DEPUTACION DE OURENSE NOS MUNICIPIOS DA PROVINCIA**

Todos os municipios deben prestar o servizo de recollida de residuos e, no caso dos concellos con máis de 5.000 habitantes, tamén hai que garantir o tratamento dos detritos, segundo estipula o Artigo 26 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local. No particular caso da nosa provincia a acción de Deputación de Ourense entóxase, xa que a meirande parte de entidades locais teñen moi pouca poboación, contando 68 dos 92 concellos con menos de 2.000 habitantes, o cal redunda no limitado dos seus recursos, imposibilitando que poidan asumir eles mesmos a recollida e tratamento de residuos.

Actualmente, 74 concellos, é dicir, un 80% dos municipios ourensáns, onde viven algo máis de 200.000 veciños, dependen deste servizo de recollida e transferencia de lixo en réxime de competencia delegada. Amais, a Deputación de Ourense ocúpase da recollida selectiva de envases lixeiros nunha vintena de concellos, de papel e cartón en até seis e de vidro en outros nove, asumindo o servizo de Punto Limpo nun total de 64 municipios. Os medios materiais propios dispostos desde o mesmo inicio da prestación do servizo ascenden a uns 40 vehículos, 18.000 contedores, 11 plantas de transferencia e 19 Puntos Limpos.

Co voto favorable de PP, DO e unha deputada non adscrita, no pleno de decembro de 2021 aprobouse o “cambio do modo de xestión do servizo público intermunicipal delegado de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos (RSU) da Deputación Provincial de Ourense”. Os argumentos esgrimidos para xustificar o cambio no modelo de xestión foron de natureza eminentemente política, non sendo concluíntes sucesivos informes sobre os supostos beneficios para a veciñanza, os traballadores, nin a prol dunha mellor sustentabilidade económica, nin un incremento da eficacia e eficiencia a través en virtude do cambio de modelo no servizo.

O Grupo Provincial Socialista é contrario a calquera intento de converter este servizo público nun negocio privado a través da súa adxudicación a unha sociedade mercantil, significando o empeoramento do servizo, o deterioro das condicións dos traballadores e mesmo o encarecemento da prestación para as arcas públicas. Calquera intento de privatización redundará nun recorte das prestacións percibidas por dous terzos dos habitantes da provincia, involucrando novos prexuízos para os concellos afectados, sendo os únicos beneficiarios aqueles operadores económicos que decida o goberno provincial.

Desde o PSdeG-PSOE defendemos que o modelo máis acaído co interese xeral é o de xestión directa á luz das súas vantaxes certas e probadas en termos de eficacia, eficiencia, custo e beneficios sociais e medioambientais. É fundamental reforzar este servizo a través dun pulo público, e non a través da imposición dun carácter mercantil ao mesmo, con



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

ánimo de lucro, menos transparente, menos sostible e nada participativo. Porque a principal preocupación da Deputación de Ourense ten que ser velar polo dereito da veciñanza a unha recollida de lixo eficiente, estable e sustentable, independentemente do concello onde residan, garantindo en todo momento un servizo público de calidade.

Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

1. Instar ao goberno do Partido Popular a un compromiso categórico para desbotar calquera iniciativa dirixida á privatización do servizo de recollida e tratamento de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada, apuntalando o seu carácter público e non mercantil, sen ánimo de lucro, transparente, sustentable e que faga plenamente efectivo o dereito a unhas prestacións suficientes, estables, eficaces e eficientes.
2. Instar ao goberno do Partido Popular a paralizar calquera decisión que implique retrocesos no servizo de recollida e tratamento de residuos, a súa privatización ou externalización, que puideran implicar un deterioro nas prestacións ofrecidas e un encarecemento do custo para a veciñanza.
3. Instar ao goberno do Partido Popular a avanzar cara o reforzamento do servizo de recollida e transferencia de residuos que a Deputación de Ourense presta en réxime de competencia delegada con vistas a ampliar as prestacións ofrecidas á veciñanza, independentemente do seu concello de residencia, e tamén para garantir unhas mellores condicións laborais aos traballadores afectados a este servizo.

En Ourense, 5 de decembro de 2023.

Asinado: Álvaro Vila Araujo

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE